


## Un libro

*Aínda que non é un libro moi axeitado para idade que tedes, ben é certo que podemos atopar nel moitos datos curiosos que poden espertar a nosa motivación científica. En que consiste un recordo? A que velocidade funcionan as neuronas? Pode o noso cerebro controlar o noso corpo, as nosas emocións? Como funciona a memoria?...*



O funcionamento do cerebro está cheo de misterios. Que son os sinais neuronais? Que significan? Como conseguen os nosos sentidos sentir as cousas? Como controla o cerebro os nosos movementos? Que pasa cando meditamos?

Cada capítulo comeza describindo a fenomenoloxía correspondente a unha área en particular da neurociencia, para explicala despois recorrendo a un experimento descrito paso a paso que o lector poderá replicar facilmente, e conclúe cunha serie de preguntas adicionais deseñadas para espertar a curiosidade de todo investigador en cernes. Nalgúns dos experimentos úsanse invertebrados, como insectos, polo que o libro describe un marco ético e responsable para o uso destes animais no ámbito educativo.

Como funciona o teu cerebro é unha obra fascinante para calquera estudante, para os lectores con curiosidade científica e

mesmo para científicos e investigadores interesados na utilización da electrofisioloxía nos seus experimentos ou clases.